

## **BANDO**

Por esta Alcaldía en atribución das competencias establecidas no artigo 21.1.e) da Lei reguladora das bases do réxime local, en **relación ás medidas preventivas para evitar a propagación do coronavirus COVID-19 no** Concello de Redondela, por esta Alcaldía **SE INFORMA** á veciñanza do seguinte **EN RELACIÓN AO CEMITERIO MUNICIPAL DE MAÑO E EN XERAL TODOS OS CEMITERIOS DO MUNICIPIO:**

**PRIMEIRO.** Por esta Alcaldía mediante resolución de 27 de marzo de 2020, se acordou **O PECHE AO PÚBLICO DO CEMITERIO MUNICIPAL DE MAÑO**, dende o día de hoxe 27.03.2020 e mentres se encontre en vigor o estado de alarma ou as súas prórrogas.

**SEGUNDO.-** Comunicar á veciñanza as normas fixadas pola Consellería de Sanidade no día 24 de marzo de 2020 **RESPECTO AOS VELATORIOS E CEREMONIAS FÚNEBRES** que se deban celebrar, sendo as seguintes:

Quedan limitadas todas as actividades de **vela de cadáveres**, tanto en **establecementos públicos, privados como no domicilio particular** e con independencia de cal sexa a causa do falecemento, de maneira que se garanta en todo momento o cumprimento das seguintes medidas:

- Non asistirán ao dó as persoas que presenten síntomas respiratorios de calquera clase.

- É necesario lavar as mans con auga e xabón ou con solución desinfectante previamente ao acceso ás instalacións funerarias, así como despois de usar o libro de pésame e os servizos ou baños.

- Evitarase a manifestación de condolencias a familiares a través de abrazos, bicos e aperta de mans.

- Evitarase en todo momento a confluencia de máis de 8 persoas por cada sala de vela, respectando inescusablemente unha distancia mínima de 2 metros entre cada unha.

**TERCEIRO.-** Deben aprazarse as cerimonia de culto relixiosas ou cerimonia civís fúnebres.

**CUARTO.-** As comitivas de acompañamento para a inhumación ou despedida de incineración deberán realizarse cumprindo as seguintes medidas:

- restrinxiranse aos achegados e familiares máis próximos
- quedarán reducidas a un máximo de 20 persoas, gardando entre os asistentes a distancia de 2 metros
- evítaranse saúdos ou manifestacións afectuosas que impliquen contacto entre os participantes

Da totalidade das medidas adoitadas poderán ter coñecemento a través da web municipal na dirección **[www.redondela.gal](http://www.redondela.gal)**.

Teléfonos de atención do Concello de Redondela: **986400300 e 986402865; Policía Local: 986402610**

A ALCALDESA





CONCELLO DE REDONDELA

Digna Rosa Rivas Gómez

**Concello de Redondela**

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tlf. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C



Cod. Validación: 44J76TZRGTWTEJ57Q7263XRK6 | Corrección: <https://redondela.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2